CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Interpreta textos literarios e os relaciona en función dos aspectos elementais de cada xénero		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara a linguaxe escolar e social		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa os textos propios e alleos empregando unha terminoloxía adecuada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Procesos: produción oral. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade. - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - elementais. - Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
11	¿CÓMO TE SUENA?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Comprende o sentido dos textos orais e identifica o tema e as ideas principais	PE	27
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende o sentido xeral de diferentes tipos de textos		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información importante de distintas fontes		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Identifica aspectos dialectais da súa lingua e amosa interese por aprendelas	TI	73
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Detecta prexuízos e estereotipos lingüísticos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valora os medios de comunicación como un instrumento de acceso á información		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Leva a cabo estratexias de escoita activa e xestión dialogada de conflitos		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos e comprende o sentido global do texto		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Cita información de diferentes fontes nas súas producións		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Realiza valoracións persoais de obras literarias de maneira guiada		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Participa de forma activa nas experiencias lectora do centro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

Contidos

- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.

UD	Título da UD	Duración
12	¿ESTÁ ENFERMO EL MAR?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula hipótese e busca contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos	PE	9
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica linguas na súa contorna		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos e recoñece o tema e as ideas principais		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Participa en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa e de cooperación conversacional	TI	91
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identificando palabras clave e anticipa hipóteses en textos sinxelos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Selecciona información de diversas fontes		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.	Localiza libros na biblioteca e respecta as normas		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza con certa autonomía as bibliotecas da aula e do centro		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece as diferencias entre a linguaxe do ámbito escolar e a social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Procesos: produción oral. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e

Contidos

- argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Galega e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

- **Aprendizaxe cooperativa:** o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas
- **Aprendizaxe significativa:** as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade. Para iso, resulta fundamental a colaboración das familias e a apertura da aula á contorna.
- **Ensinanza individualizada:** complementariamente ao traballo cooperativo, as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos e alumnas en función das súas capacidades e necesidades nunha contorna adaptada á equidade e inclusión educativa, en liña co obxectivo 4 dos ODS.
- **Autoavaliativo:** nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
- **Progresividade e consolidación:** todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 12 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades.

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátil de aula e proxector
Aula virtual do centro
Material funxible do alumnado: caderno, lápiz, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia.
Aula de Polos Creativos

O alumnado traballará fundamentalmente co libro de texto da área. Utilizará cadernos e outro material para escritura manual como complemento.

A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.

O alumnado poderá utilizar a aula virtual do centro como complemento ao traballado na aula, xa que nela se colgarán diferentes materiais e enlaces de consulta con materiais de reforzo e ampliación.

Haberá outros espazos do centro con uso regular, como son a biblioteca, a radio escolar ou o espazo para representacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso, utilizando dúas sesións, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o seu grao de consecución de obxectivos do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:

- Exame do expediente de cada alumno e alumna, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
- Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	8	9	9	8	8	8	9	8
Proba escrita	20	8	20	23	42	60	34	50	47	15
Táboa de indicadores	80	92	80	77	58	40	66	50	53	85

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	27	9	30
Táboa de indicadores	73	91	70

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas.

Haberá unha proba escrita na parte final de cada unidade didáctica, sobre a que se obterá a nota en función do peso que se asigne a cada pregunta da mesma.

As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada

avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.

Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, con horario de profesorado con dispoñibilidade horaria ou de profesorado especialista de PT ou AL..

Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.

No remate da unidade didáctica 12, adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
 - O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
 - O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
 - A colaboración e comunicación constante coas familias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento.	X			X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X			X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X		X	
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).		X		X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao cine Numex de Santiago	Asistencia a unha sesión no cine Numax da película "A viaxe de Chihiro" coincidindo coa conmemoración do 25-N.	X		
Participación no concurso de creación literaria organizado dende a biblioteca do centro.	Participación do alumnado de forma individual ou en grupo, no concurso de creación literaria da biblioteca (segundo trimestre).		X	
Entrevista con escritor ou escritora de actualidade.	Asistencia a conferencia de escritor ou escritora, con quenda de preguntas posterior.			X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.

Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Metodoloxía empregada
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
 - Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.
- Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias na área.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
 - Grao de conexión cos tutores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
 - Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	6º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	40
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	43
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	48
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	49
9. Outros apartados	49

1. Introducción

Na sociedade europea actual, nun mundo cada vez máis globalizado, o ámbito escolar debe preparar aos alumnos e ás alumnas para enfrontarse cunha realidade que progresivamente é máis intercultural, plurilingüe e tecnoloxicamente máis avanzada.

As linguas son moi importantes, non só como instrumentos de comunicación senón tamén como a expresión de culturas e valores diferentes; ademais son o instrumento por excelencia da aprendizaxe. Por iso, as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes.

España, como membro da Unión Europea, está comprometida co fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Axenda de Lisboa. Pola súa banda, o Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia das Linguas promove o coñecemento das diversas linguas e culturas europeas, facilitando unha clara definición dos obxectivos e metodoloxías de ensino-aprendizaxe e proporcionando as ferramentas necesarias para a avaliación do progreso dos alumnos e das alumnas, polo que a finalidade do currículo desta Área é o desenvolvemento progresivo da Competencia Lingüística e Intercultural na Lingua Estranxeira, favorecendo a comunicación entre iguais e eliminando as barreiras, prexuízos e estereotipos.

Neste marco, é esencial que, dende as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar aos cidadáns e ás cidadás de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar axeitadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

A Educación Primaria constitúe a fase inicial desa aprendizaxe de linguas estranxeiras e a base para que o alumnado, ao rematar a súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira que lle permitan achegarse ao seu uso independente. Así, nas idades do alumnado de Educación Primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa se traten de xeito integrado, esperten a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara as persoas falantes desas linguas.

Esta programación ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente exige o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos e nas alumnas á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa; elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que se fai referencia deste documento, senón ao longo de toda a vida

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Starter Unit : All about me and my family	Vocabulario: activities, animals, clothes, describing words, jobs, places, sports Reading numbers greater than 100 coffee, cream, cucumber, hot chocolate, icing, raspberry, scones, tea Gramática: Review: adjective order, like +ing, superlative adjectives a teaspoon of a tablespoon of 200 grams of 100 millilitres of	6	5	X		
2	Chatting with my friends	Vocabulario: avatar, email address, emoji, headphones, laptop, memory stick, mobile phone, password, tablet,	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Chatting with my friends	webcam aliens, comets, Earth, key, moon, spaceship Grammar: It's my tablet. It's mine. (I use my key) to open (the door).	15	15	X		
3	In the countryside	Vocabulario : beautiful, boring, crowded, dangerous, expensive, famous, frightening, historical, modern, relaxing confident, embarrassed, kind, nervous, selfish, shy. Gramática: (The park is) tidier than (the café). (The café is) less tidy than (the park). (The city is) better than (the countryside). (The countryside is) worse than (the city). (He is) the fastest (skier). (He's) the best (skier). (Polly is) the least nervous (character).	15	15	X		
4	At the train station	Vocabulario: departures board, entrance, escalator, exit, lift, platform, ticket office, timetables, stairs, waiting room above, below, in front of, inside, outside, through Gramática: (I) need to / don't need to (buy tickets). (You) must / mustn't (miss the train).	15	15		X	
5	At the coast	Vocabulario: collect shells, eat at a restaurant, go bowling, go ice skating, go karting, go to a concert, go to the cinema, go to the funfair, visit the aquarium, visit the planetarium dinosaur, dragon, fossils, mud, sandstorm, snake Gramática: (I) visited / didn't visit (the aquarium). (He) bought / didn't buy (a T-shirt). (What) did you see? (I) saw (a snake).	15	15		X	
6	At the TV studio	Vocabulario: an actor, a builder, a camera operator, a clothes designer, a comedian, a dancer, a director, a hairdresser, a singer, a writer bull, king, maze, monster, string, sword Gramática: Will (you be a director)?	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	At the TV studio	(Yes, I) will. / (No, I) won't. (I) will / won't (be an actor).	15	15			X
7	Moving on	Vocabulario: Review Free-time activities, dates, family, personal descriptions, places at school, school items, personal items, school subjects, timetables and telling the time, letters of the alphabet Gramática: Review will: questions and short answers, prediction; have got; Prepositions; Possessive adjectives & pronouns; Comparative and superlative adjectives (good / bad); Telling the time; Imperatives	13	15			X
8	Halloween	No desenvolvemento desta UD, todo xirará carón á temática de Halloween, a través de rimas, xogos, videos e cancións.	2	4	X		
9	Christmas	No desenvolvemento desta UD, todo xirará carón á temática de Christsmas, a través de rimas, xogos, videos e cancións.	2	4	X		
10	Easter	No desenvolvemento desta UD, todo xirará carón á temática de Easter , a través de rimas, xogos, videos e cancións.	2	2		X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Starter Unit : All about me and my family	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintas aulas e zonas do centro.	PE	41

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre as distintas aulas e zonas do centro, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns,	TI	59
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída,.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira	TI	79
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais,		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos. - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O currículo da Área de Lingua Estranxeira para a Educación Primaria promove un ensino integrador das linguas, baseado no desenvolvemento progresivo das competencias en comunicación lingüística e plurilingüe, impulsando a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, dixital e audiovisual. O Consello de Europa indica que o obxectivo último da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que o alumno ou alumna alcance de forma progresiva o maior grado de competencia comunicativa, é dicir, que poida utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir. Os procedementos constitúen o núcleo desta programación dirixida á consecución dunha

competencia comunicativa oral e escrita efectiva, nun contexto social tal que permita ao alumnado expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abarque todos os usos e rexistros posibles.

Tendo en conta a variedade e diversidade dos alumnos e das alumnas e os seus distintos ritmos de aprendizaxe, a nosa metodoloxía será ecléctica, para poder adaptala ás súas necesidades e á nosa situación. O enfoque comunicativo dirixirá a comunicación oral, obxectivo prioritario nesta etapa. O método comunicativo será un referente no traballo de aula xa que pretendemos que se use o inglés esencialmente para mellorar a competencia comunicativa no alumnado. Desta maneira será capaz de empezar falando sobre si mesmo para acabar conseguindo un dominio na lingua estranxeira que lle permita desenvolverse en contextos reais. A motivación será a base da aprendizaxe. Usarase unha metodoloxía inclusiva baseada no descubrimento guiado e colectivo, así como na resolución de problemas, evitando o traballo analítico e favorecendo a participación e a implicación activas do alumnado durante todo o proceso. Estará dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Asemade, a finalidade desta metodoloxía será a de obter unha aprendizaxe efectiva dende o punto de vista cognitivo, comunicativo e socio afectivo.

Para obter resultados satisfactorios e promover a aprendizaxe, será necesario relacionar lingua e comunicación usando as catro destrezas lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir. En lugar de desenvolver estas destrezas de forma illada, debemos integralas nas nosas leccións, tal e como sucede en situacións reais de comunicación.

No que se refire á competencia intercultural, debemos dicir que na actualidade calquera que aprenda unha lingua estranxeira tamén aprenderá características da súa cultura. A meta deste compoñente cultural é que os nosos alumnos e as nosas alumnas sexan conscientes dos diferentes tipos de comportamento e estilos de vida coa finalidade de que cheguen a ser máis respectuosos cara as persoas doutras culturas, reducindo así o risco de intolerancia.

Tendo en conta todo isto, as bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- Enfoque comunicativo; preténdese o desenvolvemento das integrado das catro destrezas lingüísticas, listening, speaking, reading e writing. Partiremos das destrezas orais (escoitar e falar). Terase en conta o contexto e a experiencia dos nenos e das nenas para ir adquirindo a competencia comunicativa, con actividades nas que a linguaxe se utiliza con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, resolver problemas, cantar, etc. Buscaranse situacións comunicativas axeitadas para o uso real da lingua estranxeira que motiven, capten a imaxinación e impulsen a participación. O alumnado deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Pouco a pouco iranase integrando as destrezas escritas (ler e escribir), integrando o vocabulario practicado con anterioridade. O vocabulario revisarase e reciclarase sistematicamente para asegurar a súa interiorización.

- Enfoque centrado no alumno; o punto de partida da aprendizaxe dos alumnos e das alumnas son os coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

- A aprendizaxe competencial persigue o desenvolvemento do potencial de cada un e de cada unha, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos e as alumnas non só serán que de adquirir uns coñecementos, senón que serán capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos e as alumnas non só sexan capaces de aprender, senón entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das Competencias Básicas.

- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

- Enfoque flexivo; os nenos e as nenas aprenden de formas e ritmos diferentes, por iso a nosa programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logro e do progreso que acadan día a día. Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos/as nenos/as atópanse no que os lingüistas denominan 'período de silencio'. Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Nesta disciplina existe sempre un apoio para aqueles nenos e aquelas nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles

situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

- Enfoque baseado na actividade; a aprendizaxe dos nenos e das nenas é maior e de máis calidade se se basea na actividade, eles e elas demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades didácticas proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. Os alumnos e as alumnas son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención da mestra. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumnado debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao alumno ou á alumna na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos e as nenas, proporcionar feedback, practicar rutinas, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para eles e elas, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o neno e a nena anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, como lle pode ocorrer a un falante nativo, e como non afectan ó proceso de ensino-aprendizaxe non paga a pena corríxilos.

- A avaliación do proceso individual e en grupo dos nenos e das nenas na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a súa calidade de aprendizaxe; para elo levarase a cabo un rexistro nun diario de avaliación para cada unidade o que nos permite anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno e alumna.

- Enfoque globalizado; a aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos e nas alumnas. A nosa programación toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno ou nena e a seguir coa exploración do mundo que os e as rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio ambiente e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade.

- Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada disciplina e só sirvan para ela (sobre todo en esta e para esta). Con todo o que o alumnado aprende nas diferentes disciplinas (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirille para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de empregalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmático). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora de ela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumnado nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

- A aprendizaxe a través das rutinas. A creación de rutinas axudan a fomentar unha aprendizaxe cada vez mais responsable e independente. A utilización das rutinas é importante para crear un clima afectivo positivo na aula. Nas nosas clases incluímos rutinas tales como a data, o clima... coa fin de resaltar as actividades sinxelas que crean momentos para o contacto personalizado e individual ó principio das leccións co obxectivo de atraer ao alumnado e crear un ambiente

de aprendizaxe positivo e alegre. Ademais, por medio das rutinas séntense confiados e seguros para aprender inglés. A Área de Lingua Estranxeira ten como obxecto formar persoas que poidan utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir. A maioría das oportunidades de aprendizaxe danse no entorno escolar. Esta circunstancia fai necesaria a inclusión de contidos que incorporan situacións de comunicación propias de ámbitos diversos ademais do académico, especialmente os das relacións sociais, os medios de comunicación e, coas lóxicas adaptacións, o literario.

O eixe desta disciplina neste currículo e na nosa programación, constitúeno os procedementos dirixidos á consecución dunha competencia comunicativa efectiva oral e escrita, en contextos sociais significativos, que permita expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abarque todos os usos e rexistros posibles así como o uso de recursos e estratexias de comunicación lingüísticas e non lingüísticas.

Técnicas e Actividades de Aprendizaxe.

No proceso de aprender unha nova lingua, debemos ter en conta que os nenos e as nenas:

- Aprenden a través de actividades.

- . Perden interese cando non ven o seu progreso.

- Están interesados en falar das súas vidas e experiencias persoais.

- Poden aprender do mundo exterior a través da lingua inglesa.

Parece un feito que os alumnos e as alumnas aprender mellor cando ven os seus intereses reflectidos na aula, así que é necesario empezar polos seus intereses e coñecementos sobre o mundo. Unha boa forma de facelo é proporcionar

ao alumnado con diferentes tipos de materiais e actividades centradas neles e nelas adaptadas ás súas características, como cancións, xogos, contos... Para este propósito, traballaremos con actividades reais, motivadoras e relevantes, así como con materiais auténticos para desenvolverlas. Os temas estarán relacionados cos seus intereses e co seu contexto situacional.

Sendo o noso obxectivo principal que o alumnado acadase competencia comunicativa na lingua inglesa, as técnicas que imos usar estarán baseadas neste principio. Ademais, realizaranse actividades e tarefas relacionadas coa resolución de problemas na vida real para así integrar todos os aspectos do currículo. Algunhas das actividades que imos levar a cabo son as seguintes:

- Ao inicio das unidades, co obxectivo de activar os coñecementos previos que teñen nos temas novos e nos que se van repasar, realizaranse actividades de *¿brainstorming¿*, debates, xogos ou intercambios comunicativos a través diferentes soportes audiovisuais.
 - Actividades baseadas no *¿information gap¿*, nas que teñen que usar a lingua inglesa para obter unha información e resolver a actividade interactuando e comunicándose entre eles e elas en dita lingua.
 - Xogos lingüísticos, nos que actúan e reaccionan na lingua inglesa o que lles permite un uso real da lingua e o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas.
 - Actividades a través das TICs, nas que poden achegarse á aprendizaxe dende unha grande variedade de perspectivas e seguir distintos camiños cara o obxectivo principal das actividades.
 - *Matching Activities¿* actividades de relacionar, que supoñen unha transferencia de información, polo que hai unha necesidade de colaboración e interacción pola súa parte.
 - Contos e textos diversos, tales como revistas ou xornais, xa que usando estes materiais na clase de inglés, poden achegarse a outras culturas cunha actitude positiva e de forma natural.
 - Cancións ou rimas, que a parte das razóns afectivas, cognitivas e lingüísticas, son unha boa ferramenta para aprender pronunciación, vocabulario e cultura na lingua inglesa.
 - Interaccións orais ou diálogos, o que permite non só a práctica da nova lingua de forma comunicativa, senón tamén a compilación de información sobre os intereses, gustos, emocións, etcétera dos compañeiros e das compañeiras.
 - Actividades de comprensión lectora, nas que reforzan o vocabulario e estruturas das unidades.
 - Actividades de composición, nas que poñen en práctica os seus coñecementos para expresar por escrito distintos tipos de información e a través de diferentes estilos literarios.
- Todas estas actividades comparten características similares como son o desexo e o propósito de comunicarse, o contido sobre a forma e o feito de que unha grande variedade de lingua é utilizada.

Estratexias de Aprendizaxe.

Os alumnos e as alumnas pódense beneficiar de estratexias de aprender a aprender na lingua inglesa, o que favorecerá un mellor coñecemento si mesmos/as e gradualmente conduciraos/as a un desenvolvemento das súas propias estratexias de aprendizaxe, facéndoos/as mais efectivos e independentes.

As principais estratexias que usaremos nesta etapa son:

- Estratexias de comunicación, é dicir, empregar a lingua para comunicarse en inglés.
- Estratexias de produción, que lles permiten expresar mensaxes correctas e comprensibles en inglés.
- Estratexias de comprensión, que inclúen procesos de observación para deducir o significado do contexto ou a predicir o que vén a continuación.
- Estratexias de organización, favorecéndolles a consolidación da aprendizaxe.
- Estratexias de auto-avaliación e co-avaliación, que lles permiten avaliar a súa aprendizaxe e a dos demais.

Adquirindo estratexias de aprender a aprender, desenvolverán a súa curiosidade e actitude positiva cara a aprendizaxe da lingua inglesa. Isto é moi importante xa que un dos nosos principais obxectivos na Educación Primaria é que o alumnado se familiarice coa lingua inglesa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede

3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.
12. Cancións e rimas.
13- Actividades DUA.

Materiais e recursos didácticos que usaremos no nivel de 6º de primaria na aula de lingua inglesa:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com>, www.angles365.com, ...

2- Historias e contos animados publicados na rede (Youtube)

3 - Xogos de mesa (sempre relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado ou para a presentación do mesmo):

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra; preguntas:

adiviñar a tarxeta;

memory game;

facer parellas

+ De taboleiro (dice and counters): con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Parchís especial.

- Oca especial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: https://www.canva.com/es_419/
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas ...

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

Libro de texto : Libro de texto: All About Us 6 Oxford University Press. Class Book, Activity Book, Audio CDs, MultiRom, DVD, Flashcards, Storycards

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na etapa de educación primaria realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O obxectivo principal da avaliación inicial é recoñecer os puntos fortes e febles do alumnado. Esta será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.

Esta avaliación farase ao comezo do curso e durante o mes de setembro coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas.

A avaliación inicial partirá da compilación de datos do alumnado procedentes dos informes elaborados polos mestres e polas mestras do curso anterior. (Mesma mestra neste caso concreto)

Na aula, levarase a cabo coa realización de diferentes actividades lúdicas (cancións, xogos, contos...), interaccións orais e producións escritas sinxelas sobre temas tratados anteriormente (diálogos, postas en común,...), etcétera, a modo de repaso dos cursos anteriores. A través destas actividades lograremos saber o nivel de coñecementos dos alumnos e das alumnas.

Ademais farase unha primeira avaliación ao comezo de cada unidade coa fin de coñecer non só a motivación senón tamén os coñecementos previos do alumnado sobre o tema a tratar. Trátase de coñecer as capacidades e aptitudes, os intereses e as particularidades que cada alumno e alumna expón sobre o tema que lle atinxa á unidade didáctica así como a maneira en que esta vai ser levada a cabo. En ningún caso se trata dun proceso que poida producir inquedaanza no alumnado xa que non será realizada a través de probas específicas, é soamente unha primeira actividade que nos ofrezca esta información requirida a través dun debate, xogo, conto, ...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	15	15	15	15	15	13	2	2	2
Proba escrita	41	25	35	35	30	40	45	22	35	21
Táboa de indicadores	59	75	65	65	70	60	55	78	65	79

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	35
Táboa de indicadores	65

Criterios de cualificación:

A avaliación é unha das maiores fontes de frustración nos nenos e nas nenas, polo que non se concentrará no produto final, senón no proceso que terá lugar ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Por esta razón, a avaliación estará baseada na observación diaria do traballo e na participación dos alumnos e das alumnas na clase. As aprendizaxes do alumnado serán avaliadas sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente o seu grao de adquisición como para, e por iso, introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require. En consecuencia, será unha avaliación continua e individualizada, atendendo ás características particulares de cada un e de cada unha, e tendo en conta as diferentes áreas do currículo. Igualmente, será global (avaliando o progreso do alumnado ao longo do proceso educativo), formativa (avaliando o coñecemento e logros do alumnado), e integradora (relacionando os contidos propios da área con outras áreas do currículo e con coñecementos previos do inglés: cultura, lingua, ...).

Preténdese que a avaliación sexa un medio e non un fin en si mesma, que recolla o máximo de aspectos ao redor da personalidade do alumnado a través dun proceso continuo, progresivo e sistemático, que posibilite redireccionar o proceso de ensino-aprendizaxe unha vez detectados os erros, flexible á hora de escoller os criterios e probas, que nos posibilite reorganizar e reestruturar a programación e a posta en práctica desta, que atenda ás diferenzas individuais,... tendo moi presente primeiro o que se quere avaliar antes de avaliar.

Procedementos e Instrumentos de Avaliación.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

Avaliación Inicial.

O obxectivo principal da avaliación inicial é recoñecer os puntos fortes e febles do alumnado. Esta será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou

alumna.

Esta avaliación farase ao comezo do curso e durante o mes de setembro coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas.

A avaliación inicial partirá da compilación de datos do alumnado procedentes dos informes elaborados polos mestres e polas mestras do curso anterior. Na aula, levarase a cabo coa realización de diferentes actividades lúdicas (cancións, xogos, contos...), interaccións orais e producións escritas sinxelas sobre temas tratados anteriormente (diálogos, postas en común,...), etcétera, a modo de repaso dos cursos anteriores. A través destas actividades lograremos saber o nivel de coñecementos dos alumnos e das alumnas.

Ademais farase unha primeira avaliación ao comezo de cada unidade coa fin de coñecer non só a motivación senón tamén os coñecementos previos do alumnado sobre o tema a tratar. Trátase de coñecer as capacidades e aptitudes, os intereses e as particularidades que cada alumno e alumna expón sobre o tema que lle atinxa á unidade didáctica así como a maneira en que esta vai ser levada a cabo. En ningún caso se trata dun proceso que poida producir inxenuidade no alumnado xa que non será realizada a través de probas específicas, é soamente unha primeira actividade que nos ofrezca esta información requirida a través dun debate, xogo, conto, ...

Avaliación Formativa, Continua e Global.

Realizarase ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, a través da observación e do seguimento sistemático do alumnado rexistrado nun diario de avaliación persoal, que recolla datos sobre o comportamento, as inhibicións, a forma de traballar (individualmente e en grupo), as destrezas adquiridas a partir das previas, as habilidades, as dificultades, etc., o que nos permitirá avaliar o progreso do mesmo ademais de proporcionar unha boa información para afrontar as necesidades específicas de cada neno e nena. Anotaranse tanto os aspectos positivos como negativos de maneira regular e procurando obxectividade.

Como instrumentos desta avaliación tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como en grupo: exposicións e interaccións orais, actividades en liña (on-line), traballos escritos, actividades de clase, lecturas e comprensións, investigacións, actitude positiva ante a aprendizaxe e precisión na expresión, entre outros. A auto-avaliación e co-avaliación tamén serán levadas a cabo na aula coa fin de saber o que os alumnos e as alumnas pensan sobre o seu proceso de ensino-aprendizaxe, darlle a oportunidade de que sexan conscientes dos seus logros e aprendan dos seus propios erros, así como dos dos seus compañeiros e das súas compañeiras, e porque non, de que contrasten esta información coa opinión da mestra.

De igual maneira, ao longo do curso académico será moi importante intercambiar opinións co resto dos mestres e das mestras e, desde logo, cos pais dos alumnos e das alumnas, coa fin de que a nosa visión non sexa sesgada e subxectiva.

Avaliación Sumativa.

Será a que estime os méritos ao finalizar o proceso de ensino-aprendizaxe (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, a avaliación do resultado. Trátase de saber o que se aprendeu a partir da avaliación inicial, establecendo un feedback ou retroacción que nos leve directamente desta, á análise e á adecuación das propostas feitas para cada unidade concreta dentro do marco xeral desta programación. Para coñecer o resultado do desenvolvemento xeral de cada unidade usaranse exercicios orais gravados (conversas para combinar as destrezas orais: listening e speaking) e escritos (actividades que combinan a destreza oral de listening coas destrezas escritas de reading e writing). Será moi importante levar este procedemento á par de outros (mencionados máis arriba), xa que de non facer un rexistro desas actividades que non se fixan e que se perden co tempo, ao fin quedará a sensación de que as fixadas son as máis importantes.

Criterios de Cualificación.

Na cualificación de cada alumno e alumna teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Nas actividades da clase:
 - a. Segue as instrucións da clase.
 - b. Participa regularmente con unha actitude positiva nas distintas actividades da clase.
 - c. Responde verbal e non-verbalmente ás instrucións, ás preguntas, aos xogos,...
 - d. Recoñece o vocabulario e as estruturas claves da unidade e úsaas tanto nas actividades da aula como nos contextos adecuados.
 - e. Utiliza os coñecementos previos sobre a lingua que teñen relación co que se está a traballar nas actividades e é quen de usalos con fluidez e seguridade.
 - f. Completa as tarefas propostas levadas a cabo (dentro e fóra) na aula.
2. Na actitude e comentarios xerais:
 - a. Respecta as rutinas e normas da clase.

- b. Mostra interese por aprender.
- c. Esfórzase e participa.
- d. Respecta, escoita e coopera cos compañeiros e coas compañeiras do grupo.
- e. Séntese seguro/a na clase.
- f. Presenta os traballos escritos con claridade e limpeza.

Á cualificación de cada alumno/a chégase co reconto do acadado nos seguintes aspectos:

- ¿ Participación e traballo diario na aula (20%). 0¿5 puntos desta porcentaxe sairán do traballo da aula virtual.
- ¿ Interese, motivación e actitude positiva cara a aprendizaxe, comportamento e regras da aula (10%)
- ¿ Tests e probas orais e escritas (70%).

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das avaliacións será a media aritmética das cualificacións de todas elas.

A nota media final do curso será baremada da seguinte maneira: 1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 40%.

Crterios de recuperación:

Utilizaranse estratexias máis sinxelas para aprender a aprender a través de recursos como a repetición sonora en voz alta de sons, pronunciación, ritmo e entoación intelixibles; xogos específicos para reforzar o vocabulario e as estruturas incluídas nos contidos propios do nivel no que se atopan; lecturas que supoñan a identificación de palabras, de enunciados de palabras e de enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas; redaccións en forma de e-mails, postais, etc., onde o alumnado faga composicións sinxelas empregando o vocabulario e as estruturas vistas na clase a partir dun modelo; etc.

As actividades de recuperación, e dado que se trata dunha lingua estranxeira, terán que por o acento na utilización de medios audiovisuais. O enfoque comunicativo nesta etapa educativa ten como obxectivo prioritario a comunicación oral. O descubrimento guiado faise a medida que avanzamos nas unidades didácticas, máis a recuperación en si mesma faise de xeito oral, cando se revisan estruturas e vocabulario xa traballado ou cando, nos traballos colectivos, titoría entre iguais ou achegas individuais, establécese o afianzamento de estruturas comunicativas funcionais nas que o alumnado manifesta dúbidas.

Para o alumnado que acaba con rapidez as súas tarefas (fast finishers) prográmanse actividades tendentes a manter o ritmo de traballo e reforzar conceptos: ¿spelling games¿, xogos de vocabulario, lecturas e comprensión das mesmas. Ademais, farán de axudantes dos alumnos e das alumnas con dificultades de aprendizaxe coa fin de reforzar os seus coñecementos e de que se sintan máis seguros na aprendizaxe da lingua estranxeira.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos e de alumnas produce efectos diferentes en función dos coñecementos e das experiencias previas de cada un deles e cada unha delas, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante o ensino.

Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma maneira, debemos ofrecer actividades de ampliación para aquel alumnado máis capaz ou receptivo. As medidas de atención á diversidade levaranse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, deberase constantemente atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa a partir das actividades formuladas na aula. Debemos calibrar a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberemos ser conscientes en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

É un feito que cada alumno/a é único/a e diferente dos demais. Non todos/as teñen os mesmos intereses, niveis cognitivos, preferencias, habilidades,..., non todos/as aprenden da mesma maneira. Polo tanto, cada alumno/a debería ser considerado como único/a e capaz de aprender. Tendo en conta as características individuais de cada grupo debemos amosar respecto por cada individuo.

Como cada clase está composta por grupos heteroxéneos, a nosa programación será flexible e modificable tendo en conta as necesidades do alumnado mentres que desenvolven as súas habilidades e obtemos información sobre o seu progreso.

Todos os contidos desta programación son os mínimos que deberían ser acadados pola maioría do grupo. Só cando estes contidos son acadados, os/as alumnos/as serán capaces de estender o coñecemento e a aprendizaxe.

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos e ás alumnas, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. Así, incluímos ideas para darlles resposta ás diversas situacións que se expoñen na aula.

Alumnos con Dificultades de Aprendizaxe.

As adaptacións non significativas centraranse en medidas tales como na secuenciación de contidos, en reforzar as técnicas de aprendizaxe, no tempo e ritmo de aprendizaxe, nunha metodoloxía máis personalizada, nos agrupamentos nos que se leven a cabo as tarefas para potenciar a co-aprendizaxe, e na avaliación en función do progreso do alumnado.

Utilizaremos as seguintes estratexias para minimizar as dificultades que algúns nenos e nenas poden atopar e, ao mesmo tempo, motivalos na aprendizaxe da lingua estranxeira:

¿ Respectar durante os primeiros cursos o chamado ¿período silencioso¿ durante o cal o alumno recibe un ¿input¿ que vai comprendendo e asimilando aínda que non sexa capaz de producir. No caso de nenos con dificultades específicas ou inmigrantes este período pódese alongar no tempo.

¿ É necesario integrar dentro da aprendizaxe da lingua inglesa o coñecemento doutras culturas, desenvolvendo unha didáctica intercultural que fomente o ensino do idioma na igualdade e na diversidade.

¿ Aprender a importancia de axudar aos compañeiros, fomentando o traballo en pequeno grupo ou en parellas. Os alumnos con dificultades séntense máis seguros e participativos con este tipo de actividades.

¿ O repaso de coñecementos de forma cíclica debe ser constante para que sirva de reforzo aos alumnos con maior retraso.

¿ Valorar o esforzo de cada alumno, non só os seus avances coa materia. É moi importante apreciar o interese e a participación dos nenos e das nenas, sobre todo dos que teñen necesidades especiais para que se sintan valorados.

Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Cando os recursos ordinarios non son suficientes recorreremos ás medidas curriculares e organizativas oportunas para que o progreso do alumnado sexa axeitado. Estas adaptacións realizaranse buscando o desenvolvemento máximo das Competencias Clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. Levaremos a cabo medidas de flexibilización do currículo e de alternativas metodolóxicas, incidido nos contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social dentro e fora do grupo, por medio de actividades e materiais deseñados especificamente para eles/as.

Actividades de Reforzo e Ampliación.

Faise necesario que ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe se lle proporcionen actividades que non lle resulten inalcanzables senón que lle sexan atractivas. Para o alumnado que non é quen de acadar os obxectivos mínimos prográmanse materiais de traballo para incidir nos conceptos básicos da lingua inglesa como son: saúdos; presentacións; vocabulario referente ás cores, números, escola, familia, casa, tempo meteorolóxico, corpo, ... Utilizaranse estratexias máis sinxelas para aprender a aprender a través de recursos como a repetición sonora en voz alta de sons, pronunciación, ritmo e entoación intelixibles; xogos específicos para reforzar o vocabulario e as estruturas incluídas nos contidos propios do nivel no que se atopan; lecturas que supoñan a identificación de palabras, de enunciados de palabras e de enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas; redaccións en forma de e-mails, postais, etc., onde o alumnado faga composicións sinxelas empregando o vocabulario e as estruturas vistas na clase a partir dun modelo; etc.

As actividades de recuperación, e dado que se trata dunha lingua estranxeira, terán que por o acento na utilización de medios audiovisuais. O enfoque comunicativo nesta etapa educativa ten como obxectivo prioritario a comunicación oral. O descubrimento guiado faise a medida que avanzamos nas unidades didácticas, máis a recuperación en si mesma faise de xeito oral, cando se revisan estruturas e vocabulario xa traballado ou cando, nos traballos colectivos, titoría entre iguais ou achegas individuais, establécese o afianzamento de estruturas comunicativas funcionais nas que o alumnado manifesta dúbidas.

Para o alumnado que acaba con rapidez as súas tarefas (fast finishers) prográmanse actividades tendentes a manter o ritmo de traballo e reforzar conceptos: ¿spelling games¿, xogos de vocabulario, lecturas e comprensión das mesmas. Ademais, farán de axudantes dos alumnos e das alumnas con dificultades de aprendizaxe coa fin de reforzar os seus coñecementos e de que se sintan máis seguros na aprendizaxe da lingua estranxeira.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X

Observacións:

O propósito principal da educación é contribuír ao desenvolvemento do alumnado na habilidade de funcionar e comportarse fronte á sociedade. Para elo, ademais do coñecemento das distintas disciplinas, hai certos temas na era moderna que demandan a nosa atención.

A educación en valores é unha parte importante do proceso de aprendizaxe xa que se refire a unha serie de necesidades sociais que debemos reflectir nas nosas aulas.

Ademais, incorpora elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, a actividade física e a dieta equilibrada; a educación para a paz e a tolerancia; a educación para o consumo; a educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos; a educación para a saúde; a educación cívica e moral; e a seguridade viaria.

Para favorecer a transmisión destes valores, teremos en conta os seguintes principios:

- ¿ Valorar calquera logro do/da alumno/a por pequeno que sexa.
- ¿ Non levar a cabo unha descualificación sobre o traballo do alumnado.
- ¿ Se xorde un problema ou dificultade, suxerir unha solución.
- ¿ Enxalzar ou comentar un comportamento tolerante e flexible.
- ¿ Avaliar os esforzos empregados no desenvolvemento das tarefas.
- ¿ Ser consistentes.
- ¿ Organizar a clase en torno a unhas normas de convivencia.
- ¿ Unha vez identificado o motivo de conflito, intentar formar un comité de estudantes para estudar e propor solucións para resolvelo.
- ¿ Sempre que se estableza unha regra, requirir o seu cumprimento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	

Observacións:

Programaranse, na medida en que sexa posible, actuacións teatrais, conta contos, etc... Promoverase a realización de actos coincidindo coas celebracións escolares, nos que a lingua inglesa teña cabida.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

O proceso de ensino-aprendizaxe non está completo sen a valoración do propio proceso e dos resultados da intervención pedagóxica. A avaliación é necesaria para comprobar ata que punto se conseguiron os obxectivos previstos e consecuentemente axustar o proceso educativo ás necesidades e características do alumnado. É necesario realizar unha revisión e seguimento da nosa programación para detectar posibles problemas e introducir melloras encamiñadas a solucionar ditos problemas para que finalmente sexa acorde co que foi planificado.

O rexistro mediante un diario de aula permite comprobar as diferenzas existentes entre o que a mestra pensa realizar, rexistrado na programación, e o que desenvolveu, escrito no diario. Redactaranse as propias impresións, reflexionando sobre as diferentes situacións do que aconteceu na aula e as causas destes feitos. Deste xeito, a

utilización do diario permite manter a atención sobre aspectos significativos da programación, xa que favorece o rexistro do pensamento da mestra.

As anotacións do diario de aula tamén permitirán identificar os puntos débiles e fortes da nosa actuación para así poder realizar as modificacións pertinentes na programación didáctica. Ademais, para determinar estas tarefas rexistrárase a opinión do alumnado sobre a actividade realizada co obxectivo de mellorar o clima na aula e aumentar a percepción que teñen os nenos e as nenas dos seus propios procesos de aprendizaxe e a súa implicación neles. Deste xeito atenderemos ás necesidades e intereses do alumnado no mesmo momento no que xorden e adaptárase o proceso de ensinanza-aprendizaxe co que a avaliación formativa verase cumprida.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

